

CONSUMO RESPONSABLE EN NADAL: TODO VANTAGES



Consumir de forma responsable implica a elección de produtos e servizos, non só en base á súa calidade e prezo, senón tamén polo seu impacto medioambiental e social, tendo en conta igualmente o comportamento e a responsabilidade social corporativa das empresas que os fabrican.

Trátase de consumir con prudencia, mesura, racionalidade e obxectividade, satisfacendo necesidades reais, pero nun marco global de xustiza, respecto, proporcionalidade e solidariedade.

O Nadal, que goza dun gran arraigo no noso currículo vitae, asociouse desde sempre a condutas un tanto desmedidas e descontroladas en relación á adquisición de bens e ao goce de prestacións que acaban tendo un gran impacto económico, ademais de serias consecuencias no ámbito social e medioambiental.

Pero o goce san e saudable non debe estar rifado coa protección da contorna nin tampouco co noso peto. Sinxelos xestos e condutas poden axudarnos a celebrar estas festas dunha forma equilibrada e, o que é máis importante, dunha forma sostible. Toma nota.

TOMA NOTA



Planificar, planificar e planificar

Deixa a improvisación para outro momento. Reflexiona. Planifica as túas compras. Fai unha lista co necesario e cómprao con suficiente antelación. As présas de última hora abocan sempre ao malgaste e ao gasto superfluo. Con tempo, poderás comparar e atopar os mellores produtos cunha boa relación de calidade e prezo.

1

2

Produtos locais e de tempada

Son os mellores. Priorizando a adquisición dos mesmos contribúes á economía local, á xeración de emprego na túa contorna e á diminución das emisións de CO2 propias do transporte.



Os adornos navideños, na túa casa

Non fai falta comprar cada ano infinidade de adornos navideños que acaban almacenados no faiado ou gardados en caixóns. Opta por reutilizar os do Nadal pasado ou fábrícaos con materiais de refugallo. As posibilidades son infinitas. Se optas por facerte cunha árbore natural, búscaa nunha plantación controlada e que veñan en maceta, xa que así poderase replantar de novo.

3

4

Felicita co corazón

Hai múltiples formas de felicitar as festas sen malgastar papel, tintas e sobres. Fabrica as túas propias postais ou utiliza medios telemáticos, máis rápidos, cómodos e económicos.




Olo cos envoltorios



Capas e capas de envoltorios adornan os agasallos de Nadal ata o infinito. Evítaos a toda costa. Prioriza a sinxeleza, a austeridade e rexeita os sobreempaquetados que, finalmente, acabarán no cubo do lixo. Se, pola contra, es quen recibe agasallos sobrecargados de envoltorios, reutilízaos para outros usos. Bótalle imaxinación.

5



Programa os menús navideños

6

Non fai falta que te deixes o soldo do mes en produtos típicos destas festas a prezos inalcanzables. Pódense preparar menús atractivos dunha forma modesta, pero igualmente apetitosos e saudables.

Cociña con cabeza, tendo en conta o número de comensais. E, xa sabes, coas sobras dun menú, pódese elaborar outro.

7

Os agasallos, unha mostra de afecto

Un prezo desmesurado non é sinónimo de calidade e tampouco é necesario regalar obxectos caros. O afecto demóstrase con pequenos xestos e detalles. Unha entrada para ver un espectáculo ou unha xornada de aventuras e diversión poden ser unha magnífica alternativa con grandes recordos. As tendas de segunda man e as solidarias tamén poden resultar de gran utilidade.



As mascotas non son un pasatempo pasaxeiro



Os animais de compañía non son un agasallo. A persoa que os recibe debe ser responsable e comprometerse ao seu coidado de forma permanente. Se o potencial destinatario cumpre os requisitos, a adopción de mascotas constitúe a mellor opción. Darás un fogar a seres indefensos, agradecidos e que enriquecerán a vida daqueles que os acollen.

8

9

Os xoguetes, sempre educativos

É preciso pensar nos gustos dos pequenos, pero tamén no valor educativo dos xoguetes e que estes se adecúen á súa idade e características. Fíxate en que dispoñan do distintivo CE, garantindo así a seguridade dos mesmos.



Non nos cansaremos de repetilo. Cada residuo ao seu contedor. Non o esquezas. É a única forma de garantir a súa reciclaxe e, xa que logo, o aforro de enerxía e materias primas, sendo garantía dunha maior sostibilidade futura.

Cada cousa no seu sitio

10



www.sogama.gal

SOGAMA

Tlf.: 981 698 500
Fax: 981 686 064

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas
Cerceda (A Coruña)



**XUNTA
DE GALICIA**



galicia